



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 516
2 de agosto de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.4. Valedor do pobo e adxunto ao valedor do pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 2 de agosto de 2019, polo que se inicia o procedemento para propoñer a persoa adxunta á valedora do pobo e se abre o prazo de presentación de candidaturas por parte do grupos parlamentarios [168249](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 498, do 4 de xullo, da Resolución da Presidencia do 3 de xullo de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) [168250](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.4. Valedor do pobo e adxunto ao valedor do pobo

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 2 de agosto de 2019, polo que se inicia o procedemento para propoñer a persoa adxunta á valedora do pobo e se abre o prazo de presentación de candidaturas por parte do grupos parlamentarios

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 2 de agosto de 2019, conforme o previsto nas Normas reguladoras do procedemento para propoñer a persoa adxunta ao valedor ou valedora do pobo (BOPG núm. 515, do 9 de setembro de 2015), adoptou o seguinte acordo:

- 1º. Iniciar o procedemento de designación do adxunto ou adxunta á valedora do pobo.
 - 2º. Abrir o prazo para a presentación de persoas candidatas, que rematará o venres, 2 de agosto de 2019, ás 14.00 horas.
 - 3º. Cada grupo parlamentario poderá propoñer, mediante escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz, unha persoa candidata, que deberá reunir as condicións preceptuadas nos artigos 3.1 e 9.3 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.
- Rematado o prazo de presentación, a Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), examinará o cumprimento dos requisitos legais das persoas candidatas propostas polos grupos parlamentarios e acordará a súa admisión.
- Elaborarase una lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes das persoas candidatas e os grupos parlamentarios que as propuxeron. A lista remitiráselle á Mesa da Comisión de Peticións para os efectos do previsto no artigo 9.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.
- 4º. Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.
 - 5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 498, do 4 de xullo, da Resolución da Presidencia do 3 de xullo de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

Advertido un erro na devandita publicación, cómpre a súa corrección no seguinte sentido:

Incluír na listaxe do anexo da dita resolución, no apartado A), referido á «RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS», a seguinte persoa:

Nº	APELIDO	NOME	DNI
	ZAPIRAÍN ARMADA	PABLO	**6390**

Esta corrección de erros non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda de documentación das persoas incluídas no apartado B) do anexo da resolución, referida á «RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN».

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

